

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**17001** *Real decreto lei 13/2009, do 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sustentabilidade Local.*

O Real decreto lei 9/2008, do 28 de novembro, creou o Fondo Estatal de Investimento Local, dotado con 8.000 millóns de euros, co obxecto de aumentar o investimento público no ámbito local, mediante o financiamento de obras de nova planificación, execución inmediata e competencia propia das entidades locais. Con esta medida, o Goberno favoreceu os investimentos destinados a dinamizar a curto prazo a actividade económica, incidindo directamente na creación de emprego. Así, o Fondo intégrase nun dos eixes do Plan E, xunto con medidas de apoio a empresas e familias, medidas financeiras e orzamentarias e de modernización da economía.

O apoio á obra pública recollido no Fondo Estatal de Investimento Local e no Fondo Estatal para a Dinamización da Economía e o Emprego, no marco do chamado Plan E, máis a dotación recollida nos orzamentos do Estado, supuxo un investimento superior aos 33.000 millóns de euros en 2009, proporcionando o primeiro deles a creación e o mantemento de máis de catrocentos mil empregos. Ademais, a estas medidas débese sumar a apertura dunha liña de avais do Instituto de Crédito Oficial por importe de 3.000 millóns de euros, para que os concellos poidan afrontar os pagamentos pendentes cos provedores e as empresas que prestaron servizos e realizaron obras para os nosos municipios.

Por medio deste real decreto lei apróbase a creación dun novo fondo, ben que se incorpora como obxectivo seu que os investimentos, proxectos e actuacións financiados contribúan á sustentabilidade económica, social e ambiental, polo que se denomina Fondo Estatal para o Emprego e a Sustentabilidade Local.

Este fondo estatal conta cunha dobre finalidade.

En primeiro lugar, incrementar o investimento público no ámbito local a través do financiamento de actuacións xeradoras de emprego en obras de nova planificación e execución inmediata que sexan competencia dos municipios e do equipamento daquelas, que se realizarán a partir de comezos de 2010. Este financiamento está dirixido prioritariamente cara a proxectos que gozan dunha característica común, como é a de tomar en consideración a perspectiva do desenvolvemento sustentable nas súas vertentes ambiental; de emprego; de apoio á investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación; económica e social, enmarcándose noutras liñas de actuación do Goberno e adoptando por iso un enfoque integral.

Nesta mesma liña, poderanse financiar os contratos de subministracións que teñan por obxecto a adquisición de equipamentos e sistemas de telecomunicacións ou para o tratamento da información, os seus dispositivos e programas; e os contratos de servizos que teñan por obxecto a implantación e o desenvolvemento de sistemas e programas informáticos dirixidos a dar cumprimento ao mandato da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadán aos servizos públicos, quedando excluídos os servizos de mantemento.

En segundo lugar, este fondo estatal contribuirá á sustentabilidade social, mediante o financiamento dos gastos correntes que ocasione a prestación de servizos educativos, así como outros servizos sociais de competencia municipal, especialmente os gastos derivados da xestión dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia, no marco da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

A administración, xestión e dirección do fondo corresponderán ao Ministerio de Política Territorial, a través da Dirección Xeral de Cooperación Local, sen prexuízo da colaboración das delegacións e subdelegacións do Goberno.

Ao igual que sucedeu co fondo creado polo Real decreto lei 9/2008, do 28 de novembro, este fondo extraordinario está sometido a un estrito control tanto pola Dirección Xeral de Cooperación Local, como pola Intervención Xeral da Administración do Estado, que velará pola correcta aplicación dos recursos do fondo aos fins previstos para el.

O procedemento administrativo das diferentes fases efectuarase mediante tramitación electrónica a través da aplicación informática que poña en marcha o Ministerio de Política Territorial. A experiencia acumulada na xestión do primeiro Fondo Estatal de Investimento Local puxo de relevo que, a través deste medio, se articula un procedemento áxil que responde ao obxectivo final desta medida extraordinaria, dotado da necesaria transparencia e, asemade, que satisfai o principio de seguranza xurídica.

A urxencia na aprobación desta norma responde, en primeiro lugar, á necesidade de adoptar medidas inmediatas de xeración de emprego e de incentiación económica no conxunto do territorio, para facer fronte á situación actual de crise económica e ao proceso de destrución de emprego, que foi especialmente acusado en España nos últimos meses.

En segundo lugar, a extraordinaria e urxente necesidade desta norma xustifícase na necesidade de que os concellos vaian elaborando os proxectos que serán obxecto de financiamento para que se poida proceder á distribución dos fondos con carácter inmediato a partir do 1 de xaneiro de 2010, data en que entrará en vigor a Lei de orzamentos xerais do Estado para ese ano.

Ambas as razóns, a conxuntura económica actual e a necesidade de que se inicie a elaboración dos proxectos financiábles con tempo suficiente para así poder proceder á distribución dos fondos a partir do 1 de xaneiro de 2010, determinan a necesidade extraordinaria e urxente de adoptar as medidas previstas neste real decreto lei.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do vicepresidente terceiro do Goberno e ministro de Política Territorial, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de outubro de 2009,

DISPOÑO:

## CAPITULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Creación do Fondo Estatal para o Emprego e a Sustentabilidade Local.*

1. Créase o Fondo Estatal para o Emprego e a Sustentabilidade Local, adscrito ao Ministerio de Política Territorial, destinado a financiar a realización polos concellos de investimentos xeradores de emprego e actuacións de carácter social, de competencia municipal, que contribúan á sustentabilidade económica, social e ambiental.

2. O Fondo carece de personalidade xurídica e a súa xestión efectuarase a Dirección Xeral de Cooperación Local do Ministerio de Política Territorial conforme os criterios e principios que se recollen neste real decreto lei.

#### Artigo 2. *Proxectos de investimento e actuacións financiábles con cargo a este fondo.*

1. Poderanse financiar con cargo ao fondo os contratos de obras de competencia municipal definidas no artigo 9 e, de ser o caso, o contrato de redacción do proxecto e dirección das ditas obras, así como os contratos de subministración para o equipamento dos edificios e instalacións que sexan obxecto de tales contratos de obras, de acordo co previsto no mesmo artigo.

Ademais, poderanse financiar os contratos de subministracións que teñan por obxecto a adquisición de equipamentos e sistemas de telecomunicacións ou para o tratamento da información, os seus dispositivos e programas; e os contratos de servizos que teñan por obxecto a implantación e o desenvolvemento de sistemas e programas informáticos dirixidos a dar cumprimento ao mandato da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso

electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, quedando excluídos os servizos de mantemento.

2. Así mesmo, poderanse financiar gastos correntes vinculados a programas de actuación no ámbito educativo e outros de carácter social de competencia municipal, e ata un montante equivalente ao 20 por cento dos fondos que correspondan a cada concello de acordo cos criterios do artigo seguinte.

3. Os concellos poderán obter recursos do Fondo para financiar os gastos a que se refiren os números 1 e 2 ata o importe máximo que para cada concello se determine en función dos criterios de repartición establecidos no artigo 3.

4. Poderanse atender con cargo ás dotacións deste fondo os gastos que lle ocasione á Administración xeral do Estado a súa xestión, que incluírá a implantación e o desenvolvemento de sistemas informáticos, así como a comunicación institucional. Estes gastos non poderán superar o 0,2 por cento do fondo.

### Artigo 3. *Criterios de repartición.*

1. Para os efectos do previsto neste real decreto lei, a dotación do fondo, excluídos, de ser o caso, os gastos derivados da súa xestión e comunicación institucional, distribuirase de maneira proporcional ás cifras de poboación correspondentes a cada municipio establecidas polo Real decreto 2124/2008, do 26 de decembro, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2008, sen prexuízo dos necesarios axustes derivados da configuración de novos municipios tras a aprobación daquel.

2. O Ministerio de Política Territorial fará pública na páxina web [www.mpt.es](http://www.mpt.es), o día seguinte ao da entrada en vigor deste real decreto lei, a relación de concellos con indicación dos seus respectivos habitantes e da contía máxima de que poderán dispor con cargo ao Fondo Estatal para o Emprego e a Sustentabilidade Local, en función da dotación deste que figure no proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010. Esta contía quedará condicionada á dotación efectiva do fondo que se preveña na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010.

### Artigo 4. *Prazo de presentación de solicitudes de financiamento.*

O prazo de presentación polos concellos das solicitudes de financiamento a que se refire este real decreto lei será de tres meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación no «Boletín Oficial del Estado» da resolución do secretario de Estado de Cooperación Territorial en que se estableza o modelo para a presentación de solicitudes e as condicións para a súa tramitación.

### Artigo 5. *Verificación da aplicación dos recursos do fondo aos fins a que ían destinados.*

1. A correcta aplicación dos recursos do fondo aos fins previstos no artigo 1 estará sometida a control por parte da Intervención Xeral da Administración do Estado.

Os controis que se realicen terán por obxecto verificar que os recursos do fondo se destinaron efectivamente ao financiamento dos investimentos e actuacións a que estaban destinados, coa correspondente creación ou mantemento de postos de traballo, e que as contas xustificativas presentadas polos correspondentes concellos reflicten adecuadamente a xestión realizada.

2. Os concellos que financiasen investimentos e, de ser o caso, actuacións con recursos deste fondo, deberán pór á disposición da Intervención Xeral da Administración do Estado a documentación e os antecedentes das contas xustificativas presentadas e facilitar canta información e medios resulten necesarios para que os equipos designados pola Intervención Xeral da Administración do Estado poidan realizar o seu traballo.

### Artigo 6. *Reintegros.*

1. A falta de xustificación parcial ou total da aplicación dos recursos recibidos con cargo ao fondo implicará a obriga de reintegrar as cantidades non xustificadas.

Enténdese por falta de xustificación a non remisión ao Ministerio de Política Territorial da documentación xustificativa a que se refiren os artigos 16 e 21 ou a súa remisión incompleta ou con inexactitudes.

Tamén se considerarán non xustificadas aquelas partidas en que, ben mediante as comprobacións que para tal efecto poida realizar o Ministerio de Política Territorial ben mediante os controis que realice a Intervención Xeral da Administración do Estado, se poña de manifesto que os recursos do fondo non se aplicaron aos fins para os cales foron entregados ou que se incumpriron as condicións establecidas no real decreto lei.

2. A falta de colaboración que imposibilite a comprobación e o control da efectiva aplicación dos recursos do fondo dará lugar ao reintegro total da achega recibida pola correspondente entidade local.

3. Os expedientes de reintegro serán tramitados pola Dirección Xeral de Cooperación Local, ben por iniciativa propia, cando a existencia de reintegro derive das comprobacións realizadas por este ministerio, ben por iniciativa da Intervención Xeral da Administración do Estado, cando sexa consecuencia dun control realizado por esta última.

As cantidades que se deban reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público, e será de aplicación para a súa cobranza o disposto no capítulo II do título I da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

#### Artigo 7. *Seguimento dos proxectos.*

Os delegados e subdelegados do Goberno colaborarán coa Dirección Xeral de Cooperación Local no seguimento dos proxectos financiados con este fondo. Para tal fin, os concellos e as empresas adxudicatarias facilitaranlles o apoio preciso para o desenvolvemento desta función.

#### Artigo 8. *Comisións informativas.*

1. Poderanse crear comisións informativas no seo de cada delegación do Goberno, que estarán presididas polos delegados e nas cales participarán os subdelegados do Goberno respectivos, un representante por cada organización sindical e empresarial máis representativa a nivel autonómico, e un representante da asociación representativa das entidades locais con maior implantación na comunidade autónoma.

Corresponde a estas comisións recibir información sobre o desenvolvemento do Fondo na respectiva comunidade autónoma.

2. Así mesmo, poderanse crear comisións informativas en cada subdelegación do Goberno, que estarán presididas polo delegado ou, de ser o caso, o subdelegado do Goberno correspondente e nas cales participará un representante por cada organización sindical e empresarial máis representativa a nivel autonómico, e un representante da asociación representativa das entidades locais con maior implantación na comunidade autónoma.

Corresponde a estas comisións recibir información sobre o desenvolvemento do fondo na respectiva provincia.

## CAPITULO II

### **Procedemento para o financiamento de proxectos de investimento**

#### Artigo 9. *Tipos de obras, equipamento e outros investimentos financiáveis.*

1. Poderanse financiar con cargo ao fondo os contratos de obras definidos no artigo 6 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, dentro do marco do establecido neste artigo. Os contratos deben ter por obxecto obras de competencia municipal incluídas nalgunha das seguintes tipoloxías:

a) As destinadas á promoción da actividade económica, á iniciativa emprendedora e á innovación, como parques empresariais, parques científicos e tecnolóxicos, centros de

coñecemento e viveiros de empresa, así como a súa dotación de infraestruturas para o despregamento e acceso ás redes de telecomunicación de nova xeración.

b) As de creación, equipamento e desenvolvemento de infraestruturas tecnolóxicas e de innovación.

c) As destinadas a mellorar o acceso ás redes e infraestruturas das tecnoloxías da información e das telecomunicacións fixas e móbiles, e á súa utilización.

d) As destinadas a impulsar o aforro e a eficiencia enerxética, así como a accesibilidade e utilización de enerxías renovables.

e) As dirixidas a promover a mobilidade sustentable urbana e reforzar os modos de transporte menos contaminantes, incluíndo sistemas de información de xestión automática e control, e as encamiñadas a mellorar a seguranza viaria.

f) As destinadas a impulsar o aforro e a eficiencia na xestión dos recursos hídricos: construción, adecuación ou mellora da rede de abastecemento de auga potable a domicilio, de saneamento e de infraestruturas de depuración de augas residuais.

g) As relacionadas coa xestión e tratamento dos residuos urbanos con criterios de sustentabilidade.

h) As destinadas á recuperación e conservación de áreas naturais e masas forestais.

i) As de prevención e detección de incendios e a limpeza e conservación das masas forestais, zonas de especial relevancia natural e bosques de ribeira.

j) A construción, adecuación, rehabilitación ou mellora de centros educativos.

k) A adecuación, rehabilitación ou mellora de edificios de propiedade municipal para a atención a persoas en situación de dependencia, así como a supresión de barreiras arquitectónicas e mellora da accesibilidade.

l) A construción, adecuación, rehabilitación ou mellora de centros de servizos sociais, sanitarios, culturais e deportivos.

m) As de protección e conservación do patrimonio histórico e paisaxístico municipal.

n) As destinadas á modernización da Administración municipal mediante o establecemento de procesos de xestión documental, dixitalización e acceso a redes de comunicación de alta velocidade, fixas e móbiles, con especial consideración para aqueles procesos de modernización tecnolóxica que teñan como obxectivo dar cumprimento ao mandato da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

2. Os concellos cuxa poboación non supere os 2.000 habitantes poderán, ademais, realizar con cargo a este fondo contratos que teñan por obxecto obras de mellora das redes viarias e de adecuación, rehabilitación ou rexeneración de contornos e espazos públicos urbanos.

3. Así mesmo, poderanse financiar con cargo ao fondo os contratos de subministración definidos no artigo 9 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público para o equipamento dos edificios e instalacións que sexan obxecto dos proxectos previstos nos puntos anteriores. O financiamento deses contratos non poderá superar o 20 por cento do importe do proxecto a que estean vinculados.

En calquera caso, non se poderá fraccionar o seu obxecto co fin de non superar esa cantidade.

4. Sen prexuízo do previsto nos puntos anteriores, poderanse financiar, ademais, os contratos de subministración que teñan por obxecto a adquisición de equipamentos e sistemas de telecomunicacións ou para o tratamento da información e os seus dispositivos e programas, así como os contratos de servizos que teñan por obxecto a implantación e o desenvolvemento de sistemas e programas informáticos dirixidos a dar cumprimento ao mandato da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, quedando excluídos os servizos de mantemento.

5. No suposto de que o importe final de adjudicación do contrato de obras sexa inferior ao importe autorizado na resolución do secretario de Estado de Cooperación Territorial, debido ás baixas realizadas, os concellos poderán aplicar a diferenza prioritariamente ao financiamento dos incrementos impositivos que normativamente fosen



establecidos, á realización de modificacións no contrato a que se refire o artigo 202 da Lei de contratos do sector público, e á adquisición de novas subministracións das xa autorizadas na citada resolución, sempre que o total do financiamento deses contratos non exceda o límite do 20 por cento do importe do proxecto a que estean vinculados, de acordo co punto anterior.

*Artigo 10. Requisitos das obras e outros investimentos financiáveis.*

1. As obras obxecto dos contratos deben ser de nova planificación e de execución inmediata.

2. Enténdese que son obras de nova planificación aquelas cuxa execución non estea prevista no orzamento consolidado da entidade local para o ano 2009 nin no orzamento consolidado para 2010.

3. Considéranse obras de execución inmediata aquelas cuxa licitación comece antes de que transcorra un mes desde a publicación na páxina web do Ministerio de Política Territorial da resolución de autorización para o seu financiamento polo Fondo. No caso de que a tramitación aplicable sexa a correspondente aos contratos menores, a adxudicación débese producir dentro de igual prazo.

4. Con cargo ao fondo estatal non se poderán financiar obras, subministracións ou servizos que recibisen financiamento procedente doutros programas de axudas de calquera Administración pública, incluídas as procedentes da Unión Europea, salvo que se trate de posteriores fases de obras financiadas a través do Fondo Estatal de Inversión Local creado polo Real decreto lei 9/2008, do 28 de novembro, e se encontren dentro da tipoloxía de obras prevista no artigo 9 deste real decreto lei.

5. Os contratos de obras deben ter un valor estimado, calculado segundo as regras do artigo 76 da Lei de contratos do sector público, inferior ou igual a 5.000.000 euros, sen prexuízo das modificacións que se puidesen establecer posteriormente na Unión Europea respecto aos limiares dos contratos non suxeitos a regulación harmonizada. En calquera caso, non se poderá fraccionar o seu obxecto co fin de non superar esa cantidade.

Os contratos de subministración e de servizos deben ter, en todo caso, un valor estimado, calculado segundo as regras do artigo 76 da Lei de contratos do sector público, inferior a 200.000 euros cada un, sen prexuízo das modificacións que se puidesen establecer posteriormente na Unión Europea respecto aos limiares dos contratos non suxeitos a regulación harmonizada.

6. A licitación das obras, subministracións ou servizos realizarase por calquera dos procedementos previstos na Lei de contratos do sector público, aberto, restrinxido ou negociado, con ou sen publicidade, ou serán tramitadas como contrato menor.

7. Excepcionalmente, o Ministerio de Política Territorial poderá autorizar a execución directa das obras por parte do concello afectado cando este non supere a cifra de 200 habitantes, de acordo coas cifras de poboación correspondentes a cada municipio establecidas polo Real decreto 2124/2008, do 26 de decembro, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2008, sen prexuízo dos necesarios axustes derivados da configuración de novos municipios tras a aprobación daquel.

*Artigo 11. Importe financiable.*

1. O financiamento de cada un dos proxectos solicitados con cargo ao Fondo cubrirá o importe real de execución da obra, do contrato de subministración ou do contrato de servizos, ata o límite máximo derivado do orzamento autorizado por resolución do secretario de Estado de Cooperación Territorial.

2. Así mesmo, no caso de que a redacción do proxecto e a dirección das obras se contrate externamente de forma separada ao contrato de obras, o importe final dese contrato poderase financiar tamén con cargo ao fondo. En todo caso, a contratación da redacción do proxecto deberá ser posterior á entrada en vigor deste real decreto lei.

**Artigo 12. *Solicitud de financiamento.***

1. Os concellos presentarán no prazo previsto no artigo 4 unha solicitude de financiamento por cada proxecto de investimento por vía electrónica, a través da páxina [www.mpt.es](http://www.mpt.es).

2. As solicitudes, que presentarán unicamente os alcaldes, secretarios da respectiva corporación ou persoas autorizadas para tal efecto, irán dirixidas ás subdelegacións do Goberno e, no caso das comunidades autónomas uniprovinciais, ás delegacións do Goberno, conforme o modelo de solicitude electrónica que se determine de acordo coa disposición derradeira terceira.

3. Á solicitude deberásele xuntar a seguinte documentación:

a) Memoria explicativa do investimento que se vai realizar en que se especifique:

1.º A denominación da obra proxectada, unha breve descrición, a súa localización xeográfica no termo municipal e enderezo concreto da obra.

No caso dos contratos de subministracións ou servizos previstos no artigo 9.4 deste real decreto lei, incluírase a denominación do investimento proxectado e unha breve descrición.

2.º O orzamento do investimento proxectado e a data prevista de adxudicación da obra. Nese orzamento deberánse incluír os gastos de redacción do proxecto e a dirección de obras, se van ser obxecto de contratación, e o importe e unha breve descrición do contrato de subministración para o equipamento dos edificios e instalacións que sexan obxecto de tales proxectos, se for procedente.

En relación cos contratos de subministracións ou servizos previstos no artigo 9.4 deste real decreto lei, especificarase o orzamento do investimento proxectado e a data prevista de adxudicación.

3.º Previsión de persoas que se ocuparán na execución do proxecto.

b) Certificación de que é unha obra, subministración ou servizo non prevista no orzamento da entidade para o ano 2009 nin no orzamento de 2010.

c) Acordo do Pleno ou da Xunta de Goberno do concello, segundo proceda, en que se aprobe o proxecto. Nese acordo débese especificar a denominación exacta do proxecto e o seu importe con impostos e sen impostos.

**Artigo 13. *Procedemento para a autorización do financiamento.***

1. As delegacións e subdelegacións do Goberno, no prazo máximo de dez días desde a súa presentación, verificarán que as solicitudes dos proxectos de investimento cumpren as condicións e requisitos establecidos neste real decreto lei e así o comunicarán, de inmediato e por vía electrónica, ao secretario de Estado de Cooperación Territorial.

2. No prazo dos dez días seguintes á recepción da verificación das solicitudes a que se refire o número anterior e, en todo caso, a partir do 1 de xaneiro de 2010, o secretario de Estado de Cooperación Territorial ditará a resolución de autorización para o financiamento de cada un dos proxectos con indicación dos recursos que procedan, e ordenará a súa publicación na páxina web do Ministerio de Política Territorial.

3. A Secretaría de Estado de Cooperación Territorial formulará as solicitudes de información que sexan precisas, e comunicarllelo aos solicitantes por vía electrónica e a través da aplicación informática para, de ser o caso, completar a solicitude e a documentación que a acompaña.

**Artigo 14. *Execución directa das obras.***

No suposto que a resolución do secretario de Estado de Cooperación Territorial autorice a execución directa das obras polo concello, a Dirección Xeral de Cooperación Local librará o 85 por cento do importe autorizado incrementado co importe do imposto sobre o valor engadido repercutible ou imposto asimilable.

Artigo 15. *Adxudicacións das obras, subministracións e servizos.*

1. Os concellos comezarán a licitación das obras, e dos servizos e subministracións previstos no artigo 9.4 deste real decreto lei, antes de que transcorra o prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación na páxina web do Ministerio de Política Territorial da resolución de autorización do secretario de Estado de Cooperación Territorial prevista no artigo 13.2.

2. Cando se adxudiquen as obras, ou os servizos e subministracións descritos no artigo 9.4 que sexan obxecto de financiamento con recursos do Fondo, o Concello presentará, por vía electrónica e a través da páxina [www.mpt.es](http://www.mpt.es) un certificado do secretario do concello coa conformidade do alcalde, en que constarán:

- a) O procedemento de licitación das obras, servizos ou subministracións.
- b) A data de adxudicación definitiva.
- c) A identidade da empresa adxudicataria.
- d) O prazo de execución das obras, servizos ou subministracións.
- e) O importe polo que se adxudica o contrato.
- f) O número de persoas que ocuparán as empresas adxudicatarias ou os subcontratistas daquelas, especificando as que formen parte da empresa e as de nova contratación.
- g) O número de conta a que se efectuará o libramento dos recursos.

A emisión do certificado implica a asunción por parte do concello do compromiso de efectuar o seguimento da creación de emprego que resulta da adxudicación do contrato.

3. Recibido o certificado, a Dirección Xeral de Cooperación Local verificará o seu contido coas regras deste real decreto lei e librára os recursos a favor do correspondente concello polo 85 por cento do importe de adxudicación das obras, ou dos servizos ou subministracións previstos no artigo 9.4 e, de ser o caso, dos gastos de elaboración do proxecto e da dirección de obra, incrementado co importe do imposto sobre o valor engadido repercutible ou imposto asimilable segundo a disposición adicional décimo sexta da Lei de contratos do sector público.

4. Nos supostos en que concorran causas de forza maior ou imposibilidade material que impidan o cumprimento dos prazos de licitación e a adxudicación, e que sexan debidamente acreditadas por quen desempeñe as funcións de fe pública, poderanse ampliar, logo de autorización da Dirección Xeral de Cooperación Local.

Artigo 16. *Xustificación e última remesa de fondos.*

1. A data límite de execución das obras e da adquisición dos servizos e subministracións será o 31 de decembro de 2010.

2. Os concellos terán de prazo para acreditar a realización dos investimentos e a finalización das obras, así como a adquisición das subministracións ou servizos, ata a finalización do primeiro trimestre de 2011.

Non obstante, a Dirección Xeral de Cooperación Local, por solicitude razoada e debidamente motivada do concello, poderá outorgar unha prórroga, que non excederá os seis meses, cando incidencias non imputables á administración contratante xurdidas na execución do contrato de obras, de subministracións ou de servizos a atrasasen. Neste caso, a xustificación deberase presentar dentro do mes seguinte á conclusión da citada prórroga.

No caso de incumprimento destes prazos aplicarase o previsto no artigo 6.

3. A xustificación presentárase por vía electrónica a través da páxina [www.mpt.es](http://www.mpt.es). No caso dos contratos de obras, a xustificación consistirá nunha memoria de actuación acreditativa dos postos de traballo creados, con identificación dos traballadores contratados, xunto cunha relación das certificacións de obra, con identificación do acredor e un certificado do interventor ou secretario-interventor en que se acrediten a execución do contrato e o pagamento do prezo, tanto do contrato de obras como, de ser o caso, do contrato de redacción do proxecto e dirección destas obras, así como a acta de recepción



e a certificación final de obra. No caso dos contratos de subministración ligados á realización dunha obra, a xustificación consistirá na presentación dun certificado do interventor ou secretario-interventor en que se acrediten a execución do contrato e o pagamento do prezo, así como a acta de recepción.

No suposto de subministracións ou servizos dos previstos no artigo 9.4 desta norma, a xustificación consistirá nunha memoria de actuación acreditativa dos postos de traballo creados ou mantidos, e un certificado do interventor ou secretario-interventor en que se acrediten a execución do contrato e o pagamento do prezo, así como a acta de recepción.

4. Presentarase unha xustificación independente por cada unha das obras financiadas así como por cada un dos contratos de subministración ou servizos.

5. Unha vez recibida a xustificación, a Dirección Xeral de Cooperación Local dará orde para que se libre a última remesa de fondos pola diferenza entre o importe da provisión previa efectuada conforme o artigo 15.3 e o importe real da obra executada, ao cal se engadirá o importe das subministracións ligadas a ela recibidas, co límite do orzamento autorizado.

No caso das subministracións e servizos do artigo 9.4 deste real decreto lei, unha vez recibida a xustificación, a Dirección Xeral de Cooperación Local dará orde para que se libre a última remesa de fondos pola diferenza entre o importe da provisión previa efectuada conforme o artigo 15.3 e o importe real executado, co límite do orzamento autorizado.

#### Artigo 17. *Especialidades na contratación que realicen os concellos.*

1. A contratación das obras, das subministracións ou dos servizos financiados conforme este real decreto lei terá a consideración de urxente para os efectos previstos no artigo 96 da Lei de contratos do sector público, e aplicaranse, ademais, as seguintes normas procedementais:

a) En todo caso, a adxudicación provisional dos correspondentes contratos deberase efectuar no prazo máximo de 20 días naturais, contados desde que finalice o prazo de presentación de proposicións se para a adxudicación se segue un procedemento aberto, restrinxido ou negociado con publicidade, e desde que se soliciten ofertas se o procedemento é negociado sen publicidade.

b) O prazo para elevar a definitiva a adxudicación provisional a que fai referencia o primeiro inciso do parágrafo terceiro do artigo 135.4 da Lei de contratos do sector público será de 10 días hábiles.

2. Nos contratos que se vaian financiar con cargo ao fondo deberase asegurar, mediante a inclusión dunha cláusula que estableza unha condición especial de execución de acordo co artigo 102 da Lei de contratos do sector público, que o novo persoal que o contratista necesite empregar para a execución das obras se encontre en situación de desemprego, prioritariamente en situación de desemprego de longa duración e que sexa requirido a través dos servizos públicos de emprego.

3. Para a adxudicación dos contratos financiados con cargo ao fondo, os concellos tomarán en consideración, como criterios de adxudicación para a valoración das ofertas, indicadores relevantes da medida en que o contrato de obra contribuirá ao fomento do emprego.

4. O expediente de contratación tramitarao o concello con cargo ao financiamento que lle atribuíse o fondo. A resolución da autorización do financiamento do proxecto servirá de acreditación para os efectos previstos no artigo 93, números 3 e 5, da Lei de contratos do sector público, da existencia e dispoñibilidade de crédito para a execución dos contratos previstos neste real decreto lei.

5. Os concellos terán a obriga de lles aboar aos contratistas o prezo das obras, das subministracións ou dos servizos dentro dos 30 días naturais seguintes á data de recepción polo concello das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización parcial ou total do contrato.

Os contratistas deberanlles aboar aos subcontratistas o prezo pactado polas prestacións cuxa realización lles encomendasen no prazo máximo de 30 días naturais, computado desde a data de aprobación polo contratista principal da factura emitida polo subcontratista ou subministrador.

## CAPÍTULO III

### Financiamento de actuacións de interese social

#### Artigo 18. *Tipos de gastos correntes financiáveis.*

Poderanse financiar con cargo ao Fondo gastos correntes de programas de actuación de natureza social en que incorran os concellos no exercicio das súas competencias durante 2010 e se encontren previstos ou se inclúan no orzamento municipal correspondente, de acordo co procedemento e os límites fixados nos artigos seguintes.

Enténdese por este tipo de gastos os relativos a:

- a) Educación,
- b) Servizos de atención ás persoas en situación de dependencia,
- c) Os derivados das prestacións de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

#### Artigo 19. *Solicitud de financiamento.*

1. Os concellos poderán obter recursos do fondo para financiar os programas de actuación a que se refire o artigo anterior, ata o importe máximo do 20 por cento da cantidade que para cada concello se determine en función dos criterios de repartición establecidos no artigo 3.

2. Os concellos presentarán no prazo previsto no artigo 4 unha solicitude de financiamento por cada programa de actuación por vía electrónica, a través da páxina [www.mpt.es](http://www.mpt.es).

3. As solicitudes, que presentarán unicamente os alcaldes, secretarios da respectiva corporación ou persoas autorizadas para tal efecto, irán dirixidas ás subdelegacións do Goberno e, no caso das comunidades autónomas uniprovinciais, ás delegacións do Goberno, conforme o modelo de solicitude electrónica que se determine de acordo coa disposición derradeira terceira.

4. Á solicitude deberáselle xuntar a seguinte documentación:

- a) Memoria explicativa da solicitude de financiamento en que se especifique o programa de actuación, unha estimación do número de beneficiarios do programa, así como o orzamento de gasto previsto.
- b) Acordo do Pleno ou da Xunta de Goberno do Concello, segundo proceda, en que se aprobe a presentación da solicitude do programa de actuación de que se trate.

#### Artigo 20. *Procedemento para a autorización do financiamento.*

1. As delegacións e subdelegacións do Goberno, no prazo máximo de dez días desde a súa presentación, verificarán que as solicitudes cumpren as condicións e requisitos establecidos neste real decreto lei e así o comunicarán, de inmediato e por vía electrónica, ao secretario de Estado de Cooperación Territorial.

2. No prazo dos dez días seguintes á recepción da verificación das solicitudes a que se refire o número anterior e en todo caso a partir do 1 de xaneiro de 2010, o secretario de Estado de Cooperación Territorial ditará a resolución de autorización para o financiamento de cada un dos programas de actuación con indicación dos recursos que procedan, e ordenará a súa publicación na páxina web do Ministerio de Política Territorial.

3. Unha vez publicada a resolución de autorización na páxina web do Ministerio de Política Territorial, o concello presentará, por vía electrónica e a través da páxina [www.mpt.es](http://www.mpt.es).

es, un certificado do secretario do concello en que se acredite que o gasto autorizado está previsto no orzamento do concello.

4. Recibido o certificado, a Dirección Xeral de Cooperación Local verificará o seu contido e librará os recursos a favor do correspondente concello polo 85 por cento do importe do programa de actuación.

5. Así mesmo, a Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, de ser o caso, formulará as solicitudes de información que sexan precisas, e comunicarállo aos solicitantes por vía electrónica e a través da aplicación informática para, de ser o caso, completar a solicitude e a documentación que a acompaña.

#### Artigo 21. *Xustificación e última remesa de fondos.*

1. A data límite para a realización destas actuacións é o 31 de decembro de 2010.

2. Os concellos terán de prazo para acreditar a realización destes gastos ata a finalización do primeiro trimestre de 2011.

3. A xustificación, que se presentará por vía electrónica a través da páxina [www.mpt.es](http://www.mpt.es), consistirá nunha memoria acreditativa das actuacións realizadas, incluíndo o tipo de servizos e prestacións sociais realizadas, así como o número de beneficiarios destes, xunto cun certificado do interventor ou secretario-interventor en que se acredite a relación de gastos en que se incorreu para a realización das actuacións realizadas.

4. Presentarase unha xustificación independente por cada un dos programas de actuación financiados con cargo ao fondo.

5. Unha vez recibida a xustificación, a Dirección Xeral de Cooperación Local dará orde para que se libre a última remesa de fondos pola diferenza entre o importe da provisión previa efectuada conforme o artigo 20 e o importe real dos gastos realizados, co límite do financiamento aprobado pola resolución do secretario de Estado de Cooperación Territorial.

#### Disposición adicional primeira. *Contratación de traballadores.*

1. Para efectos do previsto neste real decreto lei, só se computarán os contratos realizados ou por realizar cos traballadores desempregados inscritos nos servizos públicos de emprego correspondentes como demandantes de emprego non ocupados.

Tamén se computarán os contratos realizados ou por realizar con traballadores autónomos que cesasen na súa actividade e que estean inscritos nos servizos públicos de emprego correspondentes, como demandantes de emprego non ocupados.

2. Para efectos do previsto neste real decreto lei, enténdese por persoas desempregadas de longa duración as que estivesen inscritas nos servizos públicos de emprego correspondentes como demandantes de emprego polo menos 12 meses antes da data de contratación.

3. A contratación de persoas desempregadas a que se refire este real decreto lei deberase facer a través dos servizos públicos de emprego correspondentes.

#### Disposición adicional segunda. *Agrupacións e mancomunidades de municipios.*

1. As mancomunidades de municipios reguladas no artigo 44 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, poderán presentar proxectos de financiamento ata o importe máximo da suma das cantidades que, segundo o artigo 3.1, lles corresponde a cada un dos concellos que as integran, sempre que non superen os límites establecidos para cada contrato neste real decreto lei.

Para os efectos de non superar o importe máximo indicado, as mancomunidades de municipios identificarán no momento da presentación da solicitude o custo do proxecto de cada un dos concellos integrados na mancomunidad.

A presentación das solicitudes realizarase de acordo co previsto nos artigos 12 e 19, substituíndo o acordo do concello polo acordo do órgano de goberno a que compete a aprobación do proxecto segundo os estatutos propios da mancomunidad.

2. Nos mesmos termos que as mancomunidades, as agrupacións de dous ou máis municipios constituídas para o desenvolvemento e a execución dos proxectos previstos neste real decreto lei poderán presentar proxectos de financiamento ata o importe máximo da suma das cantidades que corresponde a cada un dos concellos que as integran.

Para estes efectos, a solicitude será presentada por un dos concellos e, co fin de non superar o importe máximo previsto, identificarase no momento da presentación da solicitude o custo do proxecto de cada un dos concellos integrados na agrupación.

A presentación de solicitudes incluírá os acordos de todos os concellos participantes, conforme o previsto nos artigos 12 e 19. Ao concello responsable da presentación da solicitude corresponderalle o cumprimento dos requisitos sobre adxudicación e xustificación dos proxectos segundo o disposto neste real decreto lei.

Disposición adicional terceira. *Cooperación das deputacións provinciais, consells e cabidos insulares.*

En cumprimento do previsto no artigo 36.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as deputacións provinciais e os consells insulares e cabidos insulares prestaranlles asistencia e cooperación xurídica e técnica aos municipios para a preparación e xestión das solicitudes de financiamento reguladas neste real decreto lei.

Disposición adicional cuarta. *Información.*

O Ministerio de Política Territorial comunicará ás deputacións provinciais, aos consells insulares e aos cabidos insulares, así como ás deputacións forais do País Vasco e ás comunidades autónomas, a relación de proxectos adxudicados nos municipios correspondentes ao seu ámbito territorial.

Disposición adicional quinta. *Pregos tipo de cláusulas administrativas.*

Para facilitar a tramitación dos correspondentes expedientes, no prazo de quince días contados desde a entrada en vigor deste real decreto lei, a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado elaborará e fará público un prego tipo de cláusulas administrativas que os concellos interesados poderán utilizar para a preparación da documentación necesaria para licitar e contratar as obras ou subministracións financiadas con cargo ao Fondo Estatal para o Emprego e a Sustentabilidade Local. Así mesmo, este prego farase público a través da sede electrónica do Ministerio de Política Territorial.

Disposición adicional sexta. *Identificación da fonte de financiamento.*

Nos proxectos de obras financiados con cargo ao fondo regulado neste real decreto lei deberase facer constar, en lugar visible, a lenda «Fondo Estatal para o Emprego e a Sustentabilidade Local-Goberno de España».

Para estes efectos, reutilizaranse os carteis anunciadores das obras realizadas durante o exercicio 2009 con cargo ao Fondo Estatal de Investimento Local aprobado polo Real decreto lei 9/2008, do 28 de novembro, coas modificacións que resulten precisas. Para tal fin, os concellos facilitaranlles ás empresas contratistas os mencionados carteis.

Así mesmo, en todas as actividades de difusión que realicen os concellos en relación cos investimentos ou actuacións financiadas con este fondo, deberá constar a lenda sinalada no parágrafo primeiro desta disposición adicional.

Disposición adicional sétima. *Apertura de conta corrente diferenciada para a xestión do fondo.*

O libramento dos recursos do fondo que se realice a cada entidade local ingresarse nunha conta corrente habilitada especificamente para tal efecto. Esta conta corrente deberase destinar exclusivamente ao financiamento e pagamento dos proxectos de investimento e ás actuacións financiadas con cargo ao fondo e non se poderá modificar durante a tramitación do expediente, salvo por causas de forza maior debidamente

acreditadas, e logo de autorización da Dirección Xeral de Cooperación Local. Por resolución do secretario de Estado de Cooperación Territorial estableceranse os criterios de aplicación desta disposición adicional.

Disposición adicional oitava. *Achega de información por parte da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesouraría Xeral da Seguranza Social.*

A Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Tesouraría Xeral da Seguranza Social, unha vez feita publica a relación a que se refire o artigo 3.2 na páxina web do departamento, facilitarán aos órganos competentes do Ministerio de Política Territorial os datos necesarios exclusivamente co fin de comprobar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguranza Social das entidades locais solicitantes, coas garantías previstas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Disposición adicional novena. *Gastos do fondo no exercicio 2009.*

As obrigas correspondentes a gastos derivados da xestión e comunicación institucional do Fondo Estatal para o Emprego e a Sustentabilidade Local a que se refire o artigo 2.4 que se xeren en 2009, poderanse atender con cargo ao fondo co límite previsto no citado artigo.

Disposición adicional décima. *Creación das comisións informativas.*

As comisións informativas a que se refire o artigo 8 crearanse e funcionarán sen supor incremento de gasto público. A asistencia a esas reunións non implicará compensación económica.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro das competencias estatais previstas no artigo 149.1.1.<sup>a</sup>, 13.<sup>a</sup>, 14.<sup>a</sup> e 18.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Facúltase o titular do Ministerio de Política Territorial para adoptar as disposicións necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do previsto neste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Modelo de presentación de solicitudes.*

No prazo dunha semana desde a entrada en vigor deste real decreto lei, o secretario de Estado de Cooperación Territorial ditará unha resolución na cal se establecerá o modelo para a presentación de solicitudes, así como as condicións para a súa tramitación.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de outubro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO